

XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

SOCIAL


Política social e acción exterior

A política social ten que ver co benestar das persoas a través da acción social. A política social explora o contexto social no cal se produce, organiza e distribúe o benestar; así mesmo, comprende todos aqueles aspectos das políticas públicas e das relacións sociais que contribúen a aumentar ou diminuír o benestar dos individuos ou grupos.

En política social, os recursos deben ser reais e xenuíños e os proxectos han de ser posibles para non caer na utopía ou en propostas puramente demagóxicas.

É dicir, a política social é o conxunto de decisións políticas, técnicas de xestión, instrumentos e medidas, de axentes públicos e privados que teñen por obxecto o acceso xeneralizado da poboación diana a niveis de vida e benestar integralmente adecuados, especialmente dos grupos máis desfavorecidos, na procura de que os beneficios do desenvolvemento alcancen todas as capas da sociedade coa maior equidade.

A política social nas sociedades complexas defínese como toda institución e actor na escena social que, nun marco de Estado que asegura todas as garantías liberais e democráticas, se sensibiliza na función difusa de evitar a pobreza e a marxinación, distribúe de forma equitativa as oportunidades de vida e realiza estas funcións co maior grao de autorresponsabilidade. As políticas sociais son o resultado de sucesivas opcións dos poderes públicos, condicionadas por factores tan conxunturais como o momento político,



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

económico, cultural e social en que se adoptan, e o seu elemento definitorio é que se estruturan ao redor de dereitos sociais procurando a súa satisfacción.

Así, a política social é aquela que constitúe o desenvolvemento dun dereito considerado social e que se caracteriza por:


1. ser dereitos cuxa finalidade é a satisfacción de necesidades básicas
2. ser dereitos de prestación que esixen, para a súa efectividade, unha actuación concreta dos poderes públicos
3. ser dereitos baseados na solidariedade comunitaria e funcionar como un mecanismo de integración e cohesión social

As necesidades sociais que adoitan considerarse son:

- alimentación e subsistencia
- saúde e servizos sanitarios
- educación
- integración social (marxinación e exclusión)
- servizos sociais
- vivenda
- sustentabilidade ambiental

En definitiva, a política social é unha rama da política que se ocupa de detectar os problemas sociais que derivan da pobreza e da marxinación (falta de traballo, vivenda digna, educación, alimentación...) para buscar os recursos e medios técnicos que lles dean solución, pois o seu obxectivo é o benestar xeral da poboación. Os eixes das políticas sociais son:

- Protexer da natureza.
- Atender os niveis de benestar da poboación encamiñando a acción governamental á satisfacción das necesidades básicas



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

- Atender as desigualdades
- Fortalecer as capacidades e iniciativas humanas
- Procurar a cohesión social


Desde o punto de vista integral, que inclúe a racionalidade técnica e social, os medios da política social inclúen:

- A determinación das canastras básicas
- Os dereitos sociais, que constitúen a base das reivindicacións do fogar, dos grupos sociais ou dos individuos ao produto social
- A capacidade dos grupos sociais, das familias e dos individuos para a toma de decisións e a participación nos asuntos de política social
- Recursos psicolóxicos, como o empoderamento, a autoestima ou a independencia económica

Fins e medios deben enfrontarse ás necesidades básicas que inclúen, ademais das necesidades fisiolóxicas, os niveis culturais do benestar e os aspectos intanxibles, como a carencia de poder, o illamento e a dependencia.

En xeral, o concepto “políticas sociais” refírese ao conxunto de actuacións administrativas e institucionais do poder público ante un conxunto amplo, diverso e relativo de problemas determinados como “sociais”, dentro da modalidade do estado do benestar. A política social concrétese, como medio, nun sistema xurídico e institucional de protección, previsión e asistencia de certas necesidades e oportunidades vitais determinadas pola orde social vixente, mediante dous grandes instrumentos:

- Garantía de certos niveis e medios materiais de existencia (o benestar social ou a seguridade económica).



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO SOCIAL

- Fomento e apoio á realización persoal (para alcanzar a xustiza social).

A Estratexia Galega de Acción Exterior (Egaex) sinala que a realidade da diáspora galega presenta unha complexa heteroxeneidade, produto dos diferentes tipos de emigración do pasado e do presente. Esta heteroxeneidade, ademais da disparidade territorial, implica que a pesar das diferentes situacións e circunstancias especiais e vitais debe promoverse unha política integral no seu xusto tratamento institucional. Esta política estará estreitamente ligada á acción exterior do Goberno galego. A relación coa poboación galega no exterior debe fuxir da aplicación de criterios paternalistas e partidistas e basearse na igualdade real e na equidade no tratamento, partindo da aplicación de políticas concretas, adaptando o nivel de relación ás diferentes necesidades e oportunidades e, en especial, partindo da consideración dos galegos residentes no exterior como cidadáns suxeitos a dereitos e deberes sociais, culturais e económicos. A acción do Goberno galego en materia de emigración centrarase na equiparación dos dereitos e deberes sociais, culturais, económicos, civís e políticos da cidadanía residente no exterior, que se concreta tanto en facilitar o acceso a un nivel de servizos sociais e prestacións asistenciais básicas, como en garantir unha participación política de maneira libre e democrática, así como no acceso á nosa cultura e á nosa lingua.

A Estratexia Galega de Acción Exterior sinala os seguintes obxectivos sociais:

- Conseguir unha plena equiparación dos dereitos e deberes sociais, culturais, económicos, civís e políticos da cidadanía residente no exterior.
- Desenvolver programas no ámbito socioasistencial para o conxunto dos galegos en situación de necesidade que residen fóra.




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

- Fomentar actividades formativas cara á mocidade galega residente no exterior que incidan no coñecemento da historia, lingua e cultura galega, e tamén na realidade social e económica da Galicia territorial.
- Mellorar o intercambio de profesionais galegos, facilitar o encontro dos nosos empresarios para que sirvan de antenas para detectar oportunidades.
- Contribuír a consolidar procesos democráticos e o estado de dereito.
- Axudar a reducir as desigualdades e a vulnerabilidade fronte á pobreza extrema e ás crises.
- Promover oportunidades económicas para as persoas en situación de pobreza ou en risco de exclusión.
- Fomentar sistemas de cohesión social, sobre todo os servizos sociais básicos para atender o dereito humano á saúde.
- Defender con decisión os dereitos das mulleres e a igualdade de xénero.
- Difundir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.
- Mellorar a provisión de bens públicos globais e rexionais, como a sustentabilidade ambiental e a diversidade das expresións culturais e a interculturalidade.
- Responder ás crises humanitarias con dilixencia e eficiencia.

Para acometer o traballo imprescindible na área da acción exterior, a Estratexia Galega de Acción Exterior debe apostar polo triplo C: **coordinar** todas as redes, medios e recursos de axentes e actores galegos relevantes para a acción exterior, **cooperar** as institucións e organismos públicos e **colaborar** coa iniciativa privada e sociedade civil que teña intereses no exterior. A Egaex e a




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

inserción da cooperación galega no sistema europeo e español de cooperación determina a necesidade de reforzar a coherencia da axenda do sistema galego coas axendas europeas e española. Dentro desta nova axenda global, a cooperación descentralizada e a actuación dos gobernos autonómicos están a adquirir un maior protagonismo.

Na actualidade, está traballándose no anteproxecto da Lei de acción exterior e cooperación galega, que sitúa a Galicia como a primeira comunidade autónoma que aproba un texto deste teor. Texto que busca, entre outros obxectivos, a mellor atención dos emigrantes galegos, para o que se adapta ao marco xurídico configurado por dúas leis estatais: a de acción exterior do Estado e a de tratados e outros acordos internacionais. Entre outras metas, a lei pretende mellorar a atención aos galegos no exterior, consolidar a Eurorrexión e a súa proxección nos países da lusofonía, dotar a Galicia dun maior protagonismo no ámbito da cooperación para o desenvolvemento (participación do Sergas) e mellorar e seguir avanzando na participación no exterior e na internacionalización da economía galega. O texto afronta aspectos tan importantes como a cooperación galega, para o que adapta a lexislación ás novas circunstancias do sector e aborda a axilización dos procedementos administrativos; a diáspora —as comunidades galegas son axentes de cooperación—, onde establece os principios básicos para favorecer o retorno dos emigrantes galegos; a cooperación con Portugal no ámbito da Eurorrexión; as delegacións e oficinas públicas no exterior e a nova realidade da mobilidade internacional de profesionais e empresas, cun apartado dedicado integramente á nova rede de intereses galegos no exterior.

Os centros e asociacións de emigrantes galegos xurdiron co obxectivo fundamental de dar asistencia e socorro mutuo. A súa importancia numérica e



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

a súa relevancia social nos destinos migratorios están fóra de toda dúbida. O poder asociativo supuxo un referente para os gobernos como medio para canalizar e materializar as actuacións de apoio e atención desenvolvidas polas distintas administracións. A Constitución española non só proclama por primeira vez a relación de dereitos sociais e o catálogo de prestacións que o Estado lles ha de garantir aos emigrantes, senón tamén que estes terán igual contido e alcance que os que gozan os españois residentes en territorio nacional (artigo 14). Outro fito, no eido nacional, foi a aprobación do Estatuto de cidadanía española no exterior (Lei 40/2006) e o paquete normativo que o desenvolve.


No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento do noso Estatuto de autonomía e completando unha ampla normativa dirixida á poboación emigrante e aos seus descendentes no exterior, contamos cun marco normativo de referencia, como é a Lei 7/2013 da galegitude que, no seu artigo 25, sobre actuacións no ámbito social, sinala que a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolverá, principalmente, as seguintes actuacións:

a) Actuacións socioasistenciais de carácter individual

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas súas políticas e normativas, establecerá os medios adecuados para lles axudar de forma individual e extraordinaria aos galegos residentes fóra de Galicia, en caso de extrema necesidade ou risco de exclusión social.

b) Actuacións de apoio ás iniciativas asistenciais das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia

A Comunidade Autónoma de Galicia determinará as medidas de apoio ás comunidades galegas e centros colaboradores da galegitude a favor dos galegos e galegas residentes no seu ámbito de actuación, con especial



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

atención ás persoas maiores e a aquelas que se atopen en situación de extrema necesidade ou risco de exclusión social.

c) Actuacións de apoio ás actividades sociais promovidas polas comunidades galegas

A Comunidade Autónoma de Galicia determinará as medidas de apoio e colaboración naquelas accións promovidas polas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia que persigan a mellor integración e participación dos galegos residentes no seu ámbito de actuación, na vida da propia comunidade e na dos países ou comunidades autónomas españolas de acollida e das súas xentes.

d) Actuacións de apoio á constitución de novas comunidades galegas


A Comunidade Autónoma de Galicia fomentará e prestará apoio e asesoramento para a constitución de novas entidades fóra de Galicia, promovidas en lugares en que o asentamento de galegos o demande e non haxa outras xa constituídas.

e) Convenios para a prestación de servizos

A Xunta de Galicia poderá asinar, coas comunidades galegas no exterior recoñecidas como tales, convenios de colaboración para a prestación de servizos, sempre que se acredite na materia obxecto destes a súa cualificación e experiencia na xestión dos asuntos colectivos e o seu dinamismo.

No artigo 26, sobre actuacións no ámbito da igualdade de xénero, sinala que a comunidade autónoma promoverá a igualdade entre as mulleres e os homes galegos residentes no exterior e determinará as medidas de apoio ás comunidades galegas e centros colaboradores da galeguidade para este fin.

No título VI, sobre o retorno, e máis concretamente no artigo 57, establécense as actuacións da Comunidade Autónoma de Galicia e, nos artigos 58 e 59,



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL


trátase o dereito á información para o retorno e ás prestacións educativas, sanitarias e socioasistenciais ás persoas, tema que é obxecto dun relatorio específico neste XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

Aquí só procede indicar que o Goberno galego, no ámbito das súas competencias, desenvolverá actuacións específicas para facilitar o regreso e a integración social da cidadanía galega retornada, tales como:

- a) Promover, en colaboración co resto de administracións, unha política integral de retorno, mediante o aproveitamento eficaz e eficiente dos recursos públicos.
- b) Desenvolver medidas que faciliten o acceso á vivenda.
- c) Asinar convenios con empresas ou colectivos empresariais e sindicais para facilitar o retorno de traballadores e traballadoras.
- d) Calquera outra acción que se estime conveniente no marco da presente lei.

No campo da política social, o Goberno galego en xeral, e a Secretaría Xeral da Emigración en particular, desenvolve un potente plan de actuacións dirixidas a cidadáns galegos no exterior que, sinteticamente, cobran forma nos seguintes programas:

- Axudas económicas individuais (de carácter extraordinario).
- Axudas de emerxencia social (situacións sobrevindas de emerxencia social).
- Convenios socioasistenciais (galegos residentes no exterior máis desfavorecidos).
- Reencontros na casa (promover o contacto dos galegos residentes en América coa súa terra e coa súa familia).




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

- Reencontros coa terra (estancias en residencia de tempo libre en Galicia).
- Conecta con Galicia (facilitarlle á mocidade da Galicia exterior o contacto coa realidade galega ou o encontro coa súa familia, co desenvolvemento de 3 subprogramas: Cultura e camiño, O mar de Galicia e Campos de traballo).
- Bolsas Excelencia Mocidade Exterior.
- Axudas en materia de retorno (axudas para gastos extraordinarios do retorno).

A Secretaría Xeral da Emigración, no campo da política social, ten as seguintes funcións:

- a) A asistencia ao Goberno da Xunta de Galicia en materia de política social a favor da cidadanía galega no exterior e no campo das relacións institucionais cos centros e as comunidades galegas no exterior.
- b) A elaboración de programas sociais e de axudas que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior, corrixindo aquelas desigualdades que poidan existir entre mulleres e homes.
- c) A preparación e a xestión dos convenios de colaboración coas distintas administracións públicas e os seus organismos e demais institucións, persoas físicas e xurídicas que, en relación cos centros e comunidades galegas no exterior, teñen por obxecto a consecución das actividades nos campos social, educativo, formativo e cultural que procedan.
- d) A elaboración de disposicións normativas, estudos, informes e programas necesarios para a execución da política en relación coa cidadanía galega no exterior e coas comunidades galegas.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

- e) A colaboración coas delegacións da Xunta de Galicia no exterior e as oficinas de información e asesoramento en materia de programas sociais e asistenciais á cidadanía galega no exterior.
- f) A xestión dos programas de axudas de carácter socioasistencial e para a promoción social, ocupacional e formación profesional e empresarial da cidadanía galega no exterior.


Unha estratexia de emigración en Galicia

A Estratexia de Emigración 2020 inclúe 102 medidas, cun orzamento de máis de 26 millóns de euros. O obxectivo deste documento é transformar a responsabilidade de Galicia cos galegos do estranxeiro nunha oportunidade para regresar á comunidade. Esta ferramenta tamén desempeñará un papel clave na superación do desafío demográfico de Galicia, xa que fortalece decisivamente os vínculos que tanto os emigrantes galegos coma os seus descendentes mantiveron durante décadas no seu país de orixe.

É un xeito de reforzar esta relación cos máis de medio millón de galegos que viven no estranxeiro, unha cifra que crece cada día a pesar da diminución do número de emigrantes, grazas aos seus descendentes, e que hoxe supón que un de cada seis galegos vive fóra das nosas fronteiras. É esencial colocar a Galicia nun lugar privilexiado cando se trata de aumentar as cifras de rendemento. Isto evidénciase nos datos de 2018, que reflicten un aumento no saldo migratorio positivo de Galicia co estranxeiro de 12.884 persoas.

Medidas principais en relación directa coa asistencia social:

1. Reforzar a axuda individual de carácter social para os galegos emigrados residentes no estranxeiro e consolidar os convenios e programas coas entidades para a prestación de axuda de carácter social



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

e asistencial aos galegos no exterior máis necesitados que viven en países en situación de crise ou ben de inestabilidade política e social, como é o caso de Venezuela, Cuba, Brasil, Arxentina etc.


2. Colaborar con entidades galegas no exterior para o mantemento e a implementación de centros de día ou fogares de anciáns para persoas maiores en países con sistemas deficientes de protección pública.
3. Facilitarlles aos maiores o reencontro temporal coa súa terra e coa súa familia, en colaboración coas comunidades galegas.
4. Ampliar os acordos coas entidades, para a xestión dun maior número de países, da Tarxeta Galicia Saúde Exterior, para as estancias temporais en Galicia.

Así pois, a Secretaría Xeral da Emigración implementou numerosas axudas para paliar os problemas económicos dos centros e na súa Estratexia Emigración 2020 plásmanse unha serie de obxectivos e accións ou iniciativas para dar resposta aos novos retos da galegitude no século XXI. A súa intención é incrementar a eficacia dos recursos e servizos destinados aos emigrantes galegos e ás súas comunidades.

A política social en Galicia e as necesidades de atención social no ámbito da galegitude

2009-2019. Tres lexislaturas sinaladas polas políticas sociais

É importante sinalar, nun relatorio centrado nas políticas sociais cara aos galegos residentes no exterior, as políticas públicas emprendidas polo Goberno galego en materia social e, concretamente, neste relatorio aquelas políticas que teñen que ver coa atención ás cidadás e cidadáns galegos máis vulnerables: os dependentes maiores, as persoas con discapacidade e os cidadáns en risco de exclusión social.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, aprobada polas Cortes Españolas no ano 2006, ten por obxecto regular as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito subxectivo de cidadanía, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, nos termos establecidos nas leis, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, coa colaboración e participación de todas as administracións públicas e a garantía pola Administración xeral do Estado dun contido mínimo común de dereitos para todos os cidadáns en calquera parte do territorio do Estado español.

O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia responderá a unha acción coordinada e cooperativa da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas, que recollerá medidas en todas as áreas que afectan as persoas en situación de dependencia, coa participación, se é o caso, das entidades locais.

Esta lei obedece á necesidade de articular un sistema que dea resposta ás necesidades da sociedade española e galega neste século XXI, atendendo ás novas circunstancias específicas da realidade territorial e sociolóxica da nosa poboación.


Os principais elementos que se han de ter en conta na atención ás necesidades sociais do pobo galego céntranse en:

1. O proceso de envellecemento da poboación e o déficit do crecemento demográfico. Esta é unha realidade que non afecta en exclusiva a poboación galega, se non que se está convertendo

XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

nunha consecuencia do avance do benestar nas sociedades máis desenvolvidas. O crecemento da esperanza de vida, sumado ao descenso da natalidade, ofrece un panorama para as próximas décadas onde este fenómeno seguirá crescendo, segundo sinalan as proxeccións das principais organizacións internacionais (ONU, OCDE/OCDE, OMS...). Galicia sofre este fenómeno de forma sinalada e o fenómeno migratorio de séculos anteriores, aínda que xa de forma residual, contribúe a configurar unha pirámide poboacional envellecida na nosa comunidade.



Podemos apreciar que, nestes dez últimos anos, o incremento foi tanto numérico coma porcentual, cun incremento de 3,4 puntos porcentuais no número de maiores de 65 anos sobre o conxunto da poboación que, pola súa vez, descende 2,4 puntos porcentuais.

Sinalemus aquí outro fenómeno demográfico que está directamente relacionado co aumento da esperanza de vida na nosa comunidade: os


XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL


procesos de superenvelhecimento. É dicir, o incremento da poboación con idades por encima dos 84 anos é froito da mellora da sanidade e dos servizos orientados aos maiores en Galicia.

N.º de persoas entre 65-84 anos residentes en Galicia vs persoas de 85 anos

Fonte: INE. Datos o 1 de xullo



2. A necesidade de dimensionar os nosos recursos sociais para dar unha resposta rápida, integral e centrada na persoa. Recursos de proximidade, con calidade na atención e centrados en cada un dos usuarios para dar respostas efectivas no ámbito da dependencia.
3. Facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, como paso esencial para revertir o proceso de descenso na natalidade. Debemos facilitar recursos sociais para dar unha solución ás necesidades reais das familias galegas: garderías de proximidade, casas niño e casas dos maior, recursos centrados nos municipios do rural con menor poboación etc..
4. Facer da nosa comunidade un espazo de igualdade entre homes e mulleres e libre da secuela da violencia machista.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

I. A atención social aos galegos residentes no exterior


En primeiro lugar, cómpre sinalar que os datos de envellecemento demográfico da poboación galega residente no exterior son superiores aos da poboación galega residente en Galicia: fronte a un 25,16 % de maiores de 65 anos sobre o conxunto da poboación galega que vive dentro dos nosos límites como comunidade no ano 2019, no exterior a porcentaxe alcanza ata o 29,48 % no mesmo ano. Este é un dato significativo e que centra as necesidades de atención da poboación máis vulnerable da nosa galegitude.

A primeira reflexión que procede realizar é que a atención aos maiores, especialmente a aqueles en situación de maior vulnerabilidade e en procesos de superenvellecemento, debe ser a prioridade na atención social á comunidade de galegos no exterior.

Como relatorio de política social, procuraremos apuntar máis ás reflexións que xeren un debate e promovan a acción das entidades galegas no exterior que a sinalar as accións públicas que todos coñecen a favor dos galegos en situación de vulnerabilidade que residen máis alá das nosas fronteiras, das que informa ampla, íntegra e ordenadamente a Estratexia de Emigración 2020 da Xunta de Galicia, difundida pola Secretaría Xeral da Emigración a toda a comunidade galega no exterior.

Unha acción integral de política social para a emigración

Unha proposta de actuación integral no ámbito da política social para a emigración require o soporte normativo en áreas como educación e menores, traballo e emprego, sanidade e saúde, seguridade social e servizos sociais, vivenda, igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e outros como a



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL


participación institucional e a igualdade e facilidade de acceso á administración e á xustiza por parte dos emigrados.

O tratamento destas normativas ten moitas veces un carácter transversal, tal como sucede coas políticas de xénero, de mocidade, as que afectan o retorno ou as relacionadas coa vida institucional e a supervivencia das comunidades galegas no exterior.

Tamén poden distinguirse unha serie de áreas estratéxicas de intervención que, aínda que en moitos casos afectan igualmente o ámbito da emigración e do retorno (educación e emprego, vivenda, atención sociosanitaria, participación), noutras ocasións son foco esencial das políticas e actuacións propias dos programas en favor dos emigrantes galegos residentes e dos seus descendentes residentes no exterior e das súas comunidades e entidades legalmente recoñecidas. Neste último caso, son esenciais os programas e accións que desenvolve a Xunta de Galicia para o benestar social dos cidadáns galegos no exterior e, en particular, para a atención e asistencial social dos que están en situación de maior necesidade.

Moitas das normas e actuacións públicas e das nosas comunidades no ámbito social xa son obxecto de tratamento nos outros relatorios que se presentan a este XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas, como son *Galeguidade: as comunidades galegas no exterior no século XXI, Cultura e Retorno, dereito e oportunidade*, polo que non repetiremos aquí o contido de política social xa expresado nos devanditos relatorios.

Si debemos apuntar, como grandes tarefas nas que han colaborar as institucións públicas e a galeguidade no ámbito social, as seguintes:




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

1. A necesidade de sumar esforzos entre as entidades da galegidade para xerar proxectos de atención ambiciosos a prol dos nosos maiores en situación de vulnerabilidade, das persoas con discapacidade e das persoas en situación de risco de exclusión.
2. Sostemento da estrutura de atención social da galegidade, sobre todo para as persoas maiores, tendo en conta a diferente organización tanto do aseguramento como da prestación de servizos e coidados nos países onde residen, mediante a aplicación de convenios socioasistenciais.
3. A atención residencial e diúrna en favor dos nosos maiores.
4. Respostas sociais en sociedades en crise económica. Merecen unha especial atención algunhas das nosas comunidades que xa se atopan nunha complicada situación en canto á atención social, sobre todo en países como Venezuela, Cuba, Brasil e Arxentina.
5. A necesidade dunha rede social da galegidade, das comunidades asentadas en países máis desenvolvidos ás comunidades asentadas en países con menos desenvolvemento social e económico.
6. O voluntariado. A soidade non desexada nos maiores.

A figura do voluntariado, que nos é plenamente familiar debido ao noso modo de traballo como colectividade, resulta aplicable a varias áreas. O seu exercicio é beneficioso para quen o recibe, pero tamén para quen ten vocación de exercelo e implica compromiso para non converterse en voluntarismo. E tamén podería resultar eficaz na área socioasistencial, cultural e interinstitucional, dependendo do tema que máis atraia o voluntario e, a partir diso, crear redes de voluntariado.

A rede socioasistencial podería desempeñarse, entre outras cousas, para detectar en que estado ou grao de necesidade se atopan os nosos maiores e



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO SOCIAL

os máis necesitados, acompañando a aqueles que se atopan sós ou ingresados en centros de saúde que correspondan ao colectivo.

7. Distribución e posta á disposición dos galegos no exterior de información sobre os recursos en saúde. A divulgación de metodoloxía, boas prácticas e *know how* social das entidades sociais da Galicia interior cara á Galicia exterior. Promover a participación das comunidades galegas e dos colectivos de retornados nas políticas de saúde.
8. Atención aos procesos de superenvellecemento. Vellez activa e saudable. Atención á discapacidade.
9. Reforzar o traballo das comunidades en canto a actuacións de terapia ocupacional, manualidades terapéuticas, coidado da memoria e outras doenzas neurodexenerativas.

Xunto á acción institucional, unha tarefa que como comunidade galega universal debemos asumir é a necesidade de non perder o espírito social co que naceron as nosas sociedades no século XIX, co que continuaron no século XX e que debemos reforzar neste século XXI.

Convidados á redacción do relatorio:

Lar Gallego de Sevilla, José Antonio Otero

Consellería de Política Social, director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Ildefonso de la Campa Montenegro

Associação Recreio dos Anciãos para Asilo da Velhice Desamparada, de Río de Xaneiro, Regina Jallas Suárez

Casa de Galicia de Montevideo, Alberto Walter Iglesias Rodríguez

Sociedad Rosalía de Castro na Habana (Cuba), Sergio Toledo Bueno